

Custa crer que a man que sostén a cámara de vídeo se poida manter rexa nesa conxuntura. A imaxe da onda orixinada polo terremoto que devastou, hai dúas semanas, as terras do nordés xaponés, xera unhas sensacións que só podemos definir como unha mestura de arrepío e beleza. A imaxe, tomada desde un cume afastado, enfróntanos, dun xeito violento, á noción de escala. Os barcos, os edificios, as rúas ou as naves industriais, préganse e estordegan, amosándose como ridículas maquetas, como fráxiles decorados, inermes perante a grande cantidade de enerxía despregada nese pulo imposible de domesticar. Pero esa é a idea de escala máis estética, máis rebuldeira, máis achegada as películas de catástrofes. Hai outra noción de escala, tamén contida na mesma imaxe, que nos enfrenta cos nosos medos e inseguridades, coas preguntas que xiran arredor da relación do ser humano co seu hábitat, coa nosa posición no mapa da existencia, coa capacidade real da especie para controlar o mundo, co que somos e co que desexamos ou podemos ser. De súpeto, nun dos países máis adiantados e tecnificados do mundo, toda unha imaxe de progreso científico, de control e dominio sobre a natureza, de orde, traballo e riqueza, vese arrastrada, abaneada e desbordada, en segundos, por unha forza telúrica, primitiva, fonda, caótica e indomable que supera a nosa pobre imaxinación. **A amálgama imprecisa de beleza e arrepío, engadida á impotencia xerada por unha brusca ruptura coa escala humana, define, por unha banda, o concepto estético de**

**romántico de Burke, asumido e redefinido, baixo o concepto de *presenza***

**, polos minimalistas americanos nos anos sesenta do último século, e, pola outra, a categoría de**

***sacro***

**, ou**

***sagrado***

**, proposta polo teólogo xermano Rudolf Otto. No seu coñecido ensaio de 1917, Otto defende que a relixión acha unha plena xustificación en si mesma, sen necesidade de referencias á cultura na que nace, pois na base de calquera feito relixioso atópase sempre a experiencia do sagrado ou numinoso, que é unha categoría**

***a priori***

**do espírito, un principio non racional e carente de toda connotación ética.**

Na súa segunda película,

*Lost in translation*

, a directora Sofía Coppola, desenvolvendo un lixeiro fío argumental que transcorre no mesmo Xapón, fálanos de construír as relacións humanas desde o feble, desde o recoñecemento da nosa propia fraxilidade.

**Desde os seus inicios, no século XVII, a doutrina do Progreso foise incorporando, lenta e gradualmente, ao imaxinario occidental, acadando a súa masiva popularización na segunda metade do século XIX. Varios requisitos fan posible a lenta acollida desta nova crenza. O primeiro é rexeitar a idea, indiscutible entón, da dexeneración da civilización no tempo, ou, o que é o mesmo, rachar coa convicción de que o pasado é mellor. A segunda premisa basease no recoñecemento da vida terrea como un valor en si mesmo, afastándose do peso e poder da Providencia, e defendendo a finalidade utilitaria do coñecemento (Francis Bacon). O terceiro requisito, proposto por Descartes, é a**

## MeRZ 6

Escrito por Fino Lorenzo  
Domingo, 27 Marzo 2011 19:35

---

**supremacía da Razón e a invariabilidade das leis naturais, pois a ciencia e o coñecemento só progresan se repousan sobre unhas bases sólidas e inmutables.**

Un sistema non é outra cousa que a subordinación de todos os seus aspectos a un calquera deles.